

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22 DE MAIO DE 2023

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00023296R.**

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 10 de maio de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 11 de maio de 2023.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00026801H.**

#### **Licenza para obras de Restauración da Capela Real e do Retablo do Altar no Parador de Turismo “Hostal dos Reis Católicos”.**

Acórdase conceder a PARADORES DE TURISMO DE ESPAÑA SME SA licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución presentada o 11/06/2021, cun orzamento de execución material de 254.760,60 euros; obras de Restauración da Capela Real e do Retablo do Altar no Parador de Turismo “Hostal dos Reis Católicos” sito na Praza do Obradoiro nº 1 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00028449Y.**

#### **Licenza para a demolición e construción dunha vivenda familiar acaroadada sita na praza de Ulteira,10.**

Acórdase conceder á MOURE & LEIS, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución con selo de visado de data 28/09/2022, cun orzamento de execución material de 93.939,87 €, a demolición e construción dunha vivenda familiar acaroadada sita na praza de Ulteira,10 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **4. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00011062B.**

#### **Ampliación do prazo para a posta en funcionamento da sede de COGAMI.**

Estímase a solicitude COGAMI de 25/04/23 ampliando en 2 anos o prazo para a posta en funcionamento da sede establecido na concesión demanial outorgada pola Xunta de Goberno Local o 5 de outubro de 2020 que remataría o vindeiro 20/12/2025.

### **5. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: Informe fiscalización Intervención 579/2023.**

#### **Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda facturación emitida por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TAELO), en concepto servizo radiocomunicacións trunking Concello de Santiago marzo 2023.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de MIL SEISCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS DE EURO (1.638,03 €), segundo relación contable relativa á factura F/2023/1794 expedida por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TAELO) – por importe total de 1.638,03 €, en concepto de servizo de radiocomunicacións trunking correspondente ao mes de marzo de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**6. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2023/00023100N.  
Aprobación do manual de función de segunda actividade.**

Acórdase:

- Aprobar o “manual de funcións xerais dos postos da RPT do Concello de Santiago de Compostela e as funcións básicas das diferentes unidades administrativas da súa estrutura organizativa  
-Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e establecer como data entrada en vigor a do día seguinte ao da súa publicación no BOP.

**7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00051753B.**

**Adxudicación do contrato que ten por obxecto a execución do proxecto “Parque Infantil da Almaciga”.**

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto, a execución do proxecto “Parque Infantil da Almaciga” á empresa LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L, por un importe total de **84.166,62 euros** (Base imponible: 69.559,19 euros, IVE do 21%: 14.607,43 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo compromete como mellora unha ampliación do prazo de garantía para os equipamentos ofertados e instalados contra todo defecto de fabricación, transporte e instalación, de 5 anos adicionais.

A unidade encargada da supervisión do contrato será a Dirección de Área de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos Comunitarios, que adscribe a este cometido ao encargado-xefe de Parques e Xardíns.

Segundo: Comprometer o gasto por importe de 84.166,62 € con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190000, conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2023: 84.166,62 €

**8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043818B.**

**Adxudicación do contrato que ten por obxecto as obras de execución do proxecto de “Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns”.**

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle o contrato que ten por obxecto as “*Obras de execución do proxecto de "Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña*” a ALCOMTE GALICIA S.L por 123.966,94 €, IVE excluído, por presentar a oferta de conformidade co exixido nos pregos.

Noméase o enxeñeiro de canles, pontes e camiños de Medio Rural como supervisor municipal do contrato.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 100 17100 6090000 (Código de proxecto: 2022 PPROV 35 1).

**9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00020881R.**

**Aprobación do expediente de contratación do “Servizo de xestión e desenvolvemento do programa municipal de Conciliación de Verán do departamento de Educación”.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do *Servizo de xestión e desenvolvemento do programa municipal de Conciliación de Verán do Departamento de Educación*, cun orzamento base de licitación de 120.951,30 € (base imponible de 99.959,75 € máis IVE do 21% de 20.991,55 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 120.951,30 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 080 32600 2269900 na que existe crédito adecuado e suficiente.

**10. DEPORTES. Referencia: 2022/00043888N.**

**Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Atletismo, para o ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada pola FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 12.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890015.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO por importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890015.

**11. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00022309A.**

**Solicitude de subvención á Consellería de Emprego e Igualdade, no marco de axudas e subvencións a entidades locais: Programa de apoio aos CIM.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Santiago SOLICITE unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade, no marco de AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DE APOIO AOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM), previsto no artigo 8 da *Resolución do 20 de abril de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida*".

SEGUNDO.- Aprobar a solicitude de subvención para as seguintes liñas:

1.1.- Subvención para o posto de asesoría xurídica: dito posto está xa cuberto por persoal laboral interino ata a cobertura da praza con carácter definitivo. Dito posto está contemplado nas Bases do proceso selectivo convocado para a cobertura de 5 prazas de persoal laboral fixo publicadas no BOP Nº 244 de 27/12/2023, polo quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, dentro do proceso extraordinario de estabilización. A súa dedicación ao CIM é de xornada completa.

1.2.- Subvención ao posto de atención psicolóxica: dito posto está xa cuberto con persoal laboral interino ata a cobertura da praza con carácter definitivo) . Dito posto está contemplado nas Bases do proceso selectivo convocado para a cobertura de 24 prazas de persoal laboral fixo publicadas no BOP Nº 244 de 27/12/2023, polo quenda libre, mediante o sistema de concurso, dentro do proceso extraordinario de estabilización. A súa dedicación ao CIM é de xornada completa.

1.3.- Subvención para o posto de traballo de axente de igualdade: dito posto está xa cuberto co persoal laboral fixo, ualdade, dende o día 23 de abril de 1992. A súa dedicación ao CIM é de xornada completa.

Que serán subvencionables os custos directos de dito persoal xerados entre o 1 de abril de 2023 ata o 31 de marzo de 2024. Os gastos de persoal correspondentes ao período comprendido entre o 1 de abril de 2023 ata o 30 de novembro de 2023, imputaranse ao exercicio 2023 e os gastos correspondentes ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2023 ata o 31 de marzo de 2024, ao exercicio 2024.

TERCEIRO.- Acordar a solicitude pola cantidade de 53.000,00 euros ao abeiro do Programa de apoio aos CIM, a cantidade de 35.333,66 € para o exercicio 2023 e 17.666,34 € para o exercicio 2024.

Que para o posto de asesoramento xurídico dado que é laboral temporal e súa dedicación e a tempo completo, a contía máxima será de 14.000 euros, e para a atención psicolóxica, dado que tamén é laboral temporal e a súa dedicación ao CIM e a tempo completo, a contía máxima da axuda será de ata 14.000 euros.

E para o posto de axente de igualdade, a contía máxima da axuda será de ata 25.000 euros por posto de traballo a tempo completo.

Polo que a contía total a solicitar podería ascender á cantidade de 53.000.- euros (CINCUENTA E TRES MIL EUROS) (28.000.-€ + 25.000.-€), pero segundo o artigo 8.5. *A contía total máxima de*

*axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM é de 45.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude individual.*

A solicitude desta subvención non implica ningún gasto para este concello.

CUARTO.- Que os gastos de persoal a solicitar son os referidos anteriormente, dacordo as bases da convocatoria de subvención e ao Anexo II.

QUINTO.- Que de acordo co artigo 3 da Convocatoria, o Concello de Santiago non recibe ningunha outra axuda pública para o mantemento do CIM, e que o salario de ditas traballadoras municipais non se imputan a ningunha outra subvención.

SEXTO.- Que á vista do artigo 20.1, o Concello de Santiago deberá presentar a documentación xustificativa da realización da medida subvencionada dentro do prazo de xustificación deste programa, que será segundo o seguinte: “Programa de apoio aos CIM: o prazo para a presentación da documentación xustificativa da actuación subvencionada finaliza o 18 de abril de 2024”.

## **12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00029656V.**

### **Dar conta do Auto recaído no Procedemento Abreviado 124/2022 CA1.**

Dase conta da resolución: Auto 58/2023 do 8.05.2023 do Xulgado Contencioso administrativo nº

1. Procedemento Abreviado

Obxecto: Contra Decreto 2022/1404 do 7.02.2022.

O Auto declara a perda sobrevida do obxecto do recurso interposto. Sen imposición de custas.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de urbanismo-licenzas para os efectos do seu coñecemento.

## **13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00016405Z.**

### **Dar conta do Auto recaído no Procedemento Abreviado 430/2021 CA1.**

Dase conta da resolución: Auto 57/2023 do 8.05.2023. Procedemento Abreviado 430/2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1

Obxecto: Reclamación de responsabilidade patrimonial.

O Auto resolve homologar o acordo extraxudicial acadado nos termos do escrito do 22.03.2023. Sen imposición de custas.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento. Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

## **14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00022727F.**

### **Dar conta da sentenza PO 7700/021 TSXG.**

Dase conta da Sentenza 51/2023, do 17.02.2023, da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 3ª (firme por Decreto do 26.04.2023).

Procedemento: PO 7700/2021 (procedente do PO 116/2018, XCA nº 2 de Santiago de Compostela)

Demandante: XESTIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTÁCULOS, S.L.

Codemandado: CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Obxecto: Reclamación dos gastos derivados dunha serie de actuacións de mantemento dos centros deportivos de Santa Isabel e Multiusos do Sar por un importe total de 81.538,27 euros.

#### **SENTIDO DA RESOLUCIÓN**

A resolución é favorable aos intereses municipais, ao recoñecer que os únicos gastos que debe asumir esta Administración ascenden a 6.614,74 euros —consonte ao cuantificado como petición subsidiaria na contestación á demanda—.

Ao non terse recorrida tampouco pola parte prexudicada polo fallo —a demandante—, a sentenza foi declarada firme mediante Decreto de data 26.04.2023

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial

2. Remitir ao Departamento de Deportes para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

**15. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00023296R.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 12 ao 18 de maio de 2023.